Cuarto. Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de cinco (5) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

Quinto. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación da subministración dos elementos para "Aforro enerxético en alumeadado público en varios lugares: Iria e outros", expte. número 24/2016-SUB-PNSP, por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente polos motivos expostos no fundamento de dereito cuarto.

Segundo. Autorizar o gasto por un importe total de,

a) importe sen IVE: trinta mil seiscientos oitenta e oito euros con corenta e nove céntimos (30.688,49 €).

b) IVE (21%): seis mil catrocentos corenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (6.444,58 €).

c) importe con IVE: trinta e sete mil cento trinta e tres euros con sete céntimos (37.133,07 €).

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato, de acordo á proposta elaborada pola secretaria municipal, e o prego de prescricións técnicas elaborado polo enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada, colexiado número 2.525.

Cuarto. Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e publicar o correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) para que todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de cinco (5) días naturais contados desde a publicación do devandito anuncio.

Quinto. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE USO DA FOSA NÚMERO 203 DO CEMITERIO MUNICIPAL DE PADRÓN A FAVOR DE MARÍA TERESA FERNÁNDEZ OTERO E DON LUIS JAVIER FERNÁNDEZ OTERO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xullo de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 2 de xullo de 2015 dona María Teresa Fernández Otero solicita autorización para o depósito das cinzas de don Carlos Otero del Río na fosa número 203 do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Achega coa solicitude copia da licenza de cremación do 28 de xuño de 2015 outorgada polo Xulgado de Instrucción número 6 da Coruña e copia do recibo de ter aboado o 2 de agosto de 2011 a taxa municipal correspondente a esta fosa.

Segundo. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal de Padrón que a persoa titular da autorización temporal de uso desta fosa é dona María Teresa Otero del Río, polo que o 18 de abril de 2016 rexístrase de saída o requerimento á solicitante para que presente a autorización da persoa titular.

Terceiro. O 20 de abril de 2016 a señora Fernández Otero comunica que a titular da autorización temporal de uso sobre a fosa 203, que é a súa nai, faleceu e solicita que pase ao seu nome.

Cuarto. O 29 de abril de 2016 rexístrase de saída un requerimento á solicitante para que achegue a documentación xustificativa da súa condición de herdeira ou cando menos unha delas. En cumprimento deste o 26 de maio presenta copia da certificación do Registro general de actos de última vontade de que a señora Otero del Río non outorgou testamento e copia da certificación literal de defunción da mesma expedida polo Rexistro Civil de Santiago de Compostela.

Quinto. O 23 de xuño requírese de novo á solicitante para que acredite a súa condición de herdeira coa presentación da escritura de declaración de herdeiros.

Sexto. O 6 de xullo de 2016 a solicitante presenta copia da escritura outorgada en Padrón ese mesmo día ante o notario do Colexio de Galicia don Nelson Rodicio Rodicio, co número de protocolo 573, de declaración de herdeiros da señora Otero del Río a don Luis Javier e dona María Teresa Fernández Otero.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que consta acreditada a condición de dona María Teresa Fernández Otero e de don Luis Javier Fernández Otero como únicos herdeiros de dona María Teresa Otero del Río.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Terceiro. Considerando o meu nomeamento como Alcalde en funcións por Resolución 386/2016, do 8 de xullo,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder o cambio de titularidade da autorización temporal de uso da fosa número 203 do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación, actualmente a nome de dona María Teresa Otero del Río, falecida o 9 de marzo de 2016, a favor de dona María Teresa Fernández Otero e de don Luis Javier Fernández Otero.

Advírtese que o cambio de titularidade que se concede en nada modifica as condicións da autorización temporal, isto é:

- a) A autorización de uso ten un prazo máximo de 5 anos desde a última renovación (02/08/2011).
- b) Transcorridos os cinco anos, a autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorrido o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

- c) A autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.

Segundo. Proceder á inscrición do presente cambio de titularidade no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal de Padrón e dar traslado do mesmo á Tesourería municipal.

Terceiro. Autorizar a dona María Teresa Fernández Otero a inhumación das cinzas de don Carlos Otero del Río na fosa 203 do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación, nas seguintes condicións:

- a) As labores de exhumación e traslado dos restos, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho, serán de conta da solicitante.
- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder o cambio de titularidade da autorización temporal de uso da fosa número 203 do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación, actualmente a nome de dona María Teresa Otero del Río, falecida o 9 de marzo de 2016, a favor de dona María Teresa Fernández Otero e de don Luis Javier Fernández Otero.

Advírtese que o cambio de titularidade que se concede en nada modifica as condicións da autorización temporal, esto é:

- a) A autorización de uso ten un prazo máximo de 5 anos desde a última renovación (02/08/2011).
- b) Transcorridos os cinco anos, a autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorrido o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

- c) A autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.

Segundo. Proceder á inscrición do presente cambio de titularidade no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal de Padrón e dar traslado do mesmo á Tesourería municipal.

Terceiro. Autorizar a dona María Teresa Fernández Otero a inhumación das cinzas de don Carlos Otero del Río na fosa 203 do Cemiterio Municipal da Avenida da Estación, nas seguintes condicións:

- a) As labores de exhumación e traslado dos restos, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho, serán de conta da solicitante.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tff: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Cuarto. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

5.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DONA AIDA HERMELINDA BLANCO BOLAÑO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 7 de xullo de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 23 de xuño de 2016, número de rexistro de entrada 5633, por Dona Aida Hermelinda Blanco Bolaño solicítase a concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica.

Segundo.- En data 06 de xullo de 2016 emítese pola Traballadora Social, co visto e praxe do Concelleiro de Servizos Sociais, informe xustificativo das dificultades de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.

Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe do Concelleiro de Servizos Sociais, de data 06 de xullo de 2016, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Dona Aida H. Blanco Bolaño a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a Dona Aida H. Blanco Bolaño a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTÓRICA A FAVOR DE DON NABOR CALVO COSTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 7 de xullo de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro.- Con data 31 de maio de 2016, número de rexistro de entrada 4610, por Don Nabor Calvo Costa solicítase a concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica.

Segundo.- En data 06 de xullo de 2016 emítese pola Traballadora Social, co visto e praxe do Concelleiro de Servizos Sociais, informe xustificativo das dificultades de mobilidade, en aplicación dos baremos específicos, da solicitante.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro. Vistos os criterios para a concesión da tarxeta municipal de estacionamento para persoas con discapacidade motórica, aprobados pola Comisión de Goberno deste Concello en data 6 de xullo de 1998.


Segundo. Visto o informe emitido pola traballadora social, co visto e praxe do Concelleiro de Servizos Sociais, de data 06 de xullo de 2016, e sobre a base dos argumentos neles recollidos que son asumidos por esta proposta como motivación, en base ao artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como o artigo 5 da devandita Ordenanza Municipal, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local segundo consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a Don Nabor Calvo Costa a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Conceder a Don Nabor Calvo Costa a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica válida por cinco anos.

Segundo. Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais e Policía Local.

7.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN SITA NA RÚA LAUREANO SALGADO (CARRETERA ESTACIÓN), FORMULADA POR D. ENRIQUE BECERRA RODRÍGUEZ, EXPEDIENTE 48/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de xullo de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 11 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2220, solicitude xeral de licenza municipal de obras para demolición de edificación sita na rúa Laureano Salgado (carretera estación), con referencia catastral 8221231NH2382S0001WD, formulada por D. Enrique Becerra Rodríguez. Adxúntase á solicitude "proyecto básico y de ejecución de demolición de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 10 de marzo de 2016, así coma oficio de dirección de obras e folia estatística.

Segundo. En data 12 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas en senso favorable, referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Terceiro. En data 14 de abril de 2016 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña acompañada do informe técnico, aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En data 17 de xuño de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016, en relación co acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de data 1 de xuño de 2016, que autoriza as obras coa condición de que en caso de que exista remoción de terras se presente e tramite un proxecto de control arqueolóxico.

Quinto. En data 27 de xuño de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico complementario en senso favorable.

Sexto. En data 7 de xullo de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a

2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Nembargantes, á data de presentación da solicitude de licenza de obras, a LOUG estaba plenamente vixente.

Entendemos que procede tramitar o presente expediente ao abeiro da normativa aplicable no momento da solicitude, isto é, a LOUG, dado que requirir neste punto ao solicitante para que adapte a solicitude á nova normativa lle depararía un prexuízo e unha dilación na tramitación do expediente, e tendo en conta así mesmo que a nova normativa non suporía cambio algún no tocante ás obras obxecto do expediente.

Segundo. A LOUG na súa redacción vixente no momento da solicitude de licenza, distingue entre o réxime normal de comunicación previa de obras para aquelas que non revisten unha especial complexidade e que non requiren a redacción dun proxecto de obras.

A intervención da que se trata neste caso consiste na demolición dunha edificación que presente un alto grado de deterioro. Conforme o disposto polo artigo 195.3 da LOUGA, as demolicións non poden en ningún caso considerarse coma obras de sinxela execución e entidade construtiva reducida, isto é, coma obras denominadas menores, polo que é necesaria a aportación dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

No presente caso o interesado achega “proyecto básico y de ejecución de demolición de edificio” redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 10 de marzo de 2016, así coma oficio de dirección de obras e folia estatística.

Visto o informe técnico favorable entendemos que o proxecto documenta de forma axeitada a intervención e cumpre co contido necesario de aplicación. En todo caso, en virtude do disposto polo artigo 195.4 da LOUG, unha vez presentado perante o Concello o proxecto técnico adquire a condición de documento público, e da súa veracidade e exactitude responde o seu autor a tódolos efectos.

O proxecto técnico eríxese polo tanto no marco ao que se deberán cingir as obras a realizar, que se deberán axustar ao mesmo en tódolos extremos, xustificando cumpridamente calquera alteración do mesmo por necesidades sobrevenidas no proceso construtivo, xustificación que se realizará na documentación de fin de obra.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) para os municipios con planeamento non adaptado á lei do solo nin á LOUG, se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Cuarto. A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito BIC dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón. Asimesmo o casco histórico da vila de Padrón ten acada a consideración de Conxunto Histórico.

A inclusión no ámbito de protección dun Ben de Interese Cultural implica a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio Histórico de Galicia.

Tramitouse perante a xefatura territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Universitaria a correspondente autorización sectorial, e no presente caso se conta coa resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016, en relación co acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de data 1 de xuño de 2016, que autoriza as obras coa condición de que en caso de que exista remoción de terras se presente e tramite un proxecto de control arqueolóxico, polo que non existen impedimentos desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.

Respecto á necesidade de control arqueolóxico expresada pola autorización sectorial, visto o informe técnico complementario de data 27 de xuño de 2016, a intervención segundo se reflicte no propio proxecto técnico non incide no terreo ao non intervir na cimentación do inmovible, entendendo o técnico municipal que non se van realizar remocións de terras, polo que non é precisa a tramitación do proxecto de control arqueolóxico, se ben o devandito condicionado transcribírase no acordo polo que, no seu caso, se outorgue a licenza solicitada.

Quinto. Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.

Sexto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. Enrique Becerra Rodríguez licenza municipal de obras para demolición de edificación sita na rúa Laureano Salgado (carretera estación), con referencia catastral 8221231NH2382S0001WD, expediente 48/2016/LU, conforme o "proyecto básico y de ejecución de demolición de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 10 de marzo de 2016

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) Conforme se especifica na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016, en relación co acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de data 1 de xuño de 2016, no caso de se realizar remoción de terras deberáse presentar para a súa autorización polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un proxecto de control arqueolóxico das obras previstas asinado por técnico competente, que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo urbano residencial de edificación entre medianeiras (URME) dentro do entorno dun ben de interese cultural, declarado polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: demolición de edificación.
- c) Altura: non procede.

d) Volumes: non procede.

e) Contía na que se orzan as obras: 9.200,00 euros. (sen IVE)

f) Situación e emprazamento das obras: Rúa Laureano Salgado nº 15

g) Nome ou razón social do promotor: Enrique Becerra Rodríguez.

h) Técnico autor do proxecto: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

i) Técnico director das obras: Ignacio Piñeiro de la Torre, arquitecto.

j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Outorgar a D. Enrique Becerra Rodríguez licenza municipal de obras para demolición de edificación sita na rúa Laureano Salgado (carretera estación), con referencia catastral 8221231NH2382S0001WD, expediente 48/2016/LU, conforme o "proyecto básico y de ejecución de demolición de edificio" redactado e asinado polo arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre e visado polo COAG en data 10 de marzo de 2016

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.
- c) Conforme se especifica na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13 de xuño de 2016, en relación co acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña, de data 1 de xuño de 2016, no caso de se realizar remoción de terras deberase presentar para a súa autorización polo Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un proxecto de control arqueolóxico das obras previstas asinado por técnico competente, que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba

